



6 de marzo de 2013. Unha delegación galega integrada por membros da **Comisión Promotora da ILP**

convidada polo BNG e o grupo Verdes-ALE do Parlamento Europeo, vai participar na conferencia

"ZERO WASTE"

que reunirá en Bruxelas este 7 e 8 de marzo a organizacións de todo o mundo. Tátase de partillar experiencias e artellar propostas para conseguir unha

incineración/vertido CERO

á hora de tratar os nosos refugallos. Neste evento no que imos debater sobre as políticas europeas de xestión de residuos, amosaremos tamén a

[catastrófica xestión dos residuos de SOGAMA](#)

en Galiza e apresentaremos aos asistentes e ao comisario de medio ambiente Janez Potocnik a

[ILP galega](#)

que vén de colleitar o apoio de máis de

[21.000 sinaturas](#)

Descarrega o

[PROGRAMA](#)

da delegación galega.

[EMISIÓN en DIRECTO](#)

e

[GRAVACIÓNS](#)

das sesións.



OBXECTIVOS da delegación galega na conferencia "Zero Waste" 2013 en Bruxelas:

1. Participación e toma de contacto con outras organizacións e experiencias europeas para a posta en común de iniciativas.

2. Apresentação da Iniciativa Lexislativa Popular no marco da conferencia e contextualización co problema existente en Galiza e o incumprimento repetido da normativa comunitaria de xestión de residuos no caso da incineración. Aproveitaremos para entregarlle a ILP ao Comisario de Medio Ambiente Janez Potocnik.

INTEGRANTES da delegación galega: -Manoel Soto Castiñeira, Catedrático de Enxenería Química da Universidade de A Coruña.

-Celestino Quintela, Plataforma Galega contra a incineración e pola reciclaxe.

-Maria Rodríguez Lafuente, Vogal de Residuos e responsábel dos programas de compostaxe de ADEGA.

-Xosé Manuel López Fernández, Plataforma Incineradora "No Deza Non".

-Marta Domínguez Domínguez, técnica de proceso do complexo ambiental de Lousame para o tratamento de RSU e asimilables da Mancomunidade de Concellos do Barbanza.

-Rocio da Igrexa Prego, Voceira Municipal do BNG no Concello de Cerceda.



PROGRAMA:

XOVES 7 DE MARZO

08.15h: Recollida no hotel e traslado en metro ao Parlamento Europeo.

09.00-13.00h: Acreditación para a conferencia "Zero Waste/Residuos cero: Cara a reciclaxe. Melloras prácticas na xestión de residuos na Unión Europea", organizada polo BNG-Grupo Verdes-Alianza Libre Europea do Parlamento Europeo. Lugar: Sala ASP 1G3.

11.45h: Intervención de Manuel Soto, membro da Comisión Promotora da Iniciativa Lexislativa Popular para presentar a proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza.

13.00-14.00h: Xantar no comedor do Parlamento Europeo.

15.00-18.30h: Taller temático sobre "Presentación e experiencias de Zero Waste e mellores prácticas na sociedade". Lugar: Sala A5E1.

18.30h: Presentación da película "[TRASHED](#)" coa presenza do seu produtor Jeremy Irons e a directora Candida Brady.

19.00h: Proxección da película. Lugar: Sala A1G3.

Agradecementos:



The Greens | European Free Alliance
in the European Parliament